

actividades e resultados

A CONTAMINACIÓN CAUSADA POLAS VERTE DURAS DE AUGAS RESIDUAIS SEN DEPURAR OU SEN O TRATAMENTO ADECUADO ÁS MASAS DE AUGA FLUVIAIS E COSTEIRAS, E O SEU IMPACTO NO MEDIO E NA SAÚDE HUMANA, CONSTITÚE UN PROBLEMA GLOBAL QUE DEBE SER ABORDADO DESDE UN PUNTO DE VISTA INTEGRAL. PARA REDUCIR OS RISCOS AMBIENTAIS ASOCIADOS Á PRESENZA DE CONTAMINANTES EMERXENTES E MICROPLÁSTICOS, É ESENCIAL UNHA ESTRATEXIA COMÚN E UNHA COOPERACIÓN EFICAZ A AMBOS OS DOUS LADOS DA FRONTEIRA QUE PERMITA REDUCIR A EMISIÓN DESTES CONTAMINANTES.

BlueWWater ten como obxectivo a mellora da calidade das masas de auga fluviais, de transición e costeiras, por medio do control, seguimento e avaliación das emisións de microplásticos e contaminantes de preocupación emerxente (CECs) ao medio acuático en Galicia e o Norte de Portugal, garantindo un uso sostible dos recursos hídricos e contribuíndo á implementación da normativa comunitaria.

obxectivos

Os obxectivos principais do proxecto son:

1. Detección e seguimento de contaminantes de preocupación emerxente e microplásticos en augas residuais e en augas fluviais e costeiras



2. Avaliar a eficiencia das estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) e de tratamentos piloto avanzados.

3. Avaliar o potencial de reutilización da auga tratada para fins agrícolas.



4. Promover a colaboración, o intercambio de experiencias e a transferencia de coñecemento.



5. Concienciar e sensibilizar acerca dos riscos e impactos dos CECs e microplásticos tanto no medio ambiente como na saúde humana.

Desenvolvemento de ferramentas para a avaliación de microplásticos e CECs nas EDAR e no medio acuático

- Metodoloxías de alto rendemento para a determinación de CECs e microplásticos.
- Exercicio interlaboratorios para a validación de metodoloxía analítica.

Riscos e impactos derivados da presenza de contaminantes emerxente (CECs) e microplásticos

- Avaliación da eficacia das EDAR e de tratamentos terciarios/cuaternarios en estacións piloto.
- Potencial de reutilización da auga tratada para fins agrícolas.
- Avaliación ambiental mediante metodoloxía análise de ciclo de vida (ACV).
- Ferramenta de modelización de apoio á avaliación de risco ambiental.

Dinamización e fortalecemento da Rede NOR-WATER

- Catálogo de capacidades e oferta tecnolóxica.
- Base de datos documental de CECs.
- Webinars, seminarios e Winter school.

Actividades de educación ambiental e sensibilización

- Talleres, accións de limpeza de lixos, exposicións itinerantes, vídeos e infografías, publicacións divulgativas, xogos e kits didácticos.

consorcio



Centro Tecnológico del Mar
Fundación CETMAR
(Coordinador)



Águas e Energia
do Porto, EM



Câmara Municipal de
Viana do Castelo
Centro Monitorização e
Interpretação Ambiental



Câmara Municipal
Vila Nova de Cerveira
Aquamuseu
do Rio Minho



Centro Interdisciplinar
de Investigação Marinha
e Ambiental (CIIMAR)
Univ. do Porto



Centro Tecnológico
del Agua (CETAQUA)



Instituto Español
de Oceanografía
Centro Oceanográfico
de Vigo (IEO-CSIC)



Universidade de
Santiago de
Compostela (USC)



Instituto Tecnológico
para o Control do Medio
Mariño de Galicia
(INTECMAR)



LSRE-LCM, Faculdade
de Engenharia da
Universidade do Porto
(FEUP)



Faculdade de
Ciências da
Universidade do Porto
(FCUP)

panel consultivo



Agência Portuguesa do Ambiente,
IP - ARH do Norte



Águas
do Norte, S.A.



Augas
de Galicia



Confederación Hidrográfica
del Miño-Sil, CHMS



LABAQUA, Laboratorio y
Soluciones Ambientales S.A.U.



Viaqua Gestión Integral
de Aguas de Galicia

contacto

Área de Control y
Gestión del Medio y los Recursos Marinos
bluewwater@cetmar.org

Centro Tecnológico del Mar – Fundación CETMAR
C/ Eduardo Cabello S/N - 36208 Vigo (Pontevedra)

www.bluewwater.eu

síguenos en

<https://x.com/BlueWWater>

<https://www.linkedin.com/in/proyecto-bluewwater/>

[@bluewwater_project](https://www.instagram.com/bluewwater_project)

financiación

Programa de Cooperación Transfronteriza
Galicia-Norte de Portugal (POCTEP) 2021-2027

orçamento

1.357.053,57 €
(Contribución FEDER: 1.017.790,19 €)

"Cofinanciado pola Unión Europea a través do Programa Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. As opinións son de exclusiva responsabilidade do autor que as emite".

blue wwater

CONTROL, TRATAMENTO E REDUCIÓN DE MICROPLÁSTICOS E
CONTAMINANTES EMERXENTES EN AUGAS RESIDUAIS URBANAS
E NO MEDIO COSTEIRO TRANSFRONTEIRIZO



Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia



España – Portugal